



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña
Teléfono 981183969 – Fax 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Pleno do comité N° 8 - 2 de decembro de 2011

1.- Actas: Apróbanse as actas 5 e 6 coas modificacións propostas por CIG e AST. Queda pendente de entregar o borrador da 7.

2.- Comisións:

CPSS: Infórmase sobre a reunión do 17/11/2011. Falouse do aire acondicionado en Riazor, en especial dunha máquina individual para un despacho, mentres o resto de traballadores debe estar suxeito a unha norma para regular o aire, algúns gozan doutros privilexios. Sobre accidentes houbo 2 leves en Telefónica e outros 2 leves nas contratadas. No que atinxe á revisión das escadas seica están dentro de obxectivos.

Tamén se fala das arquetas pintadas coa pintura antiesbarante, dun poste en malas condicións en Cambre e sobre a falla de limpeza nuns cristais de Inferniño. Seguen pendentes algunhas cousas de reunións anteriores e a Técnico de Prevención dá resposta a unha pregunta da CIG que estaba aínda sen responder, segundo ela non existe normativa que prohiba estar só na central. Lembramos que dende a CIG indicamos que coa redución de gardas en O+M e no CNAI, na práctica, un traballador está só de noite na central de Montaña pois o garda non pode saír da garita.

Nesta reunión tamén se falou dos grupos de traballo de Riscos Psicosociais en Hércules, o caso é que non están a funcionar pola falla de interés da empresa, agora pretende liquidalos coa escusa de que este traballo pode facerse no grupo Motiva. Hai que lembrar que o grupo Motiva xa existía pero acordouse formar os grupos de Riscos Psicosociais ante a inoperancia do primeiro.

Incendios: Houbo reunión da Comisión Territorial de Incendios o pasado 2 de novembro. Modificouse a acta 3 e deuse lectura á acta da comisión interdepartamental. A empresa informa que a obturación de ocos está a facerse tal e como se recolle na resolución da Inspección de Traballo. Tamén se falou do Plan de emerxencias de Inferniño e Espiño e da formación das persoas que figuran nos cadros de emerxencia.

Formación: Infórmase sobre a reunión do 2/12/2011. Asíñase a acta da última reunión desta comisión (8/11/2010), a empresa aporta datos xenéricos de como se está a impartir a formación na provincia. Infórmase que en xaneiro publicarase o Plan de Formación (PFD) con dúas revisións anuais: abril e setembro.

Dos datos aportados pola empresa subliñamos os seguintes: 91% de traballadores/as formados/as con 33.19 horas de media, o 85% foi con formación presencial. A calidade dos cursos valórase en 8.43 e o absentismo anda polo 1.88.

Falouse tamén dun curso sobre incendios que se está a impartir en Narón nunhas instalacións que non reúnen as mínimas condicións de seguridade. A vindeira reunión será en xaneiros e pretenden facer unha cada 6 meses.

Neste punto dende CCOO informan de que o delegado de CCOO que até agora estaba nesta comisión vai deixar esa función e propoñen a Carmen Rieiro para entrar nesta Comisión de Formación. Só se presenta esta candidata e vótase co seguinte resultado:

A favor 9 (CCOO e UGT) | En contra 0 | Abstencións 4 (CIG e AST)

Apróbase polo tanto a proposta. Lembramos que na Comisión de Formación, por parte da representación dos traballadores corresponden dous membros, segue habendo un de UGT e outro de CCOO.

Xestión: Infórmase sobre a CX do 22 de novembro onde só se falou do CNAI. A empresa informou do Concurso Especial de Traslados con 3 prazas (ampliáveis) para A Coruña e de todas as externalizacións que teñen previstas tamén neste departamento.

Dende a CIG xa dixemos que estamos en contra deste proceso reiterando que as prazas deben cubrirse polo proceso ordinario de traslados e tamén insistimos en que volven a xustificar as externalizacións coa leria de que asumirán outras actividades máis interesantes, o conto de sempre para tratar de enganarnos unha vez máis.

Podedes consultar na nosa web os informes dos CPSS e as Comisións de Xestión

3.- Estrutura Territorial: Este punto quedou pendente do Pleno anterior no que había dúas propostas, unha primeira da CIG e outra posterior de UGT. Quedamos en tratar de consensuar as propostas na Permanente pero foi imposible. Ambas propostas son moi diferentes e non houbo posibilidade algunha de atopar un texto común.

Dende a CIG volvemos presentar a proposta do Pleno anterior (en anexo ao final do informe) e UGT presenta outra na que fai un preámbulo falando da presentación da nova estrutura territorial na última Xunta Xeral de accionistas, da preocupación das forzas sindicais e da distorsión no normal desenrolo das relacións laborais. UGT chega a dicir que a negociación permanente é un dos principais motivos polos que en Telefónica se manteñen unhas determinadas condicións laborais.

Ao marxe do preámbulo, a proposta de UGT só fala de que o Comité manifieste a necesidade dun interlocutor válido, que poida e teña capacidade para proporcionar as respostas aos problemas desta provincia.

Para AST vale se eliminan a parte onde fala da negociación permanente, para CGT tamén vale se eliminan todo o preámbulo. UGT acepta eliminar o preámbulo enteiro.

Dende a CIG indicamos que aínda a que proposta de UGT non diga case nada, só fala de pedir un interlocutor "válido", non votaremos a favor porque a súa proposta nace como resposta á nosa, tratando de xustificar a non aceptación da nosa proposta inicial.

Noutras condicións podíamos aceptar a súa proposta, pero o xeito en que se fai, para contrarrestar outra moito máis ambiciosa, impide que poidamos darlle o noso apoio.

Vótase primeiro a proposta da CIG co seguinte resultado:

A favor 3 (CIG) | En contra 4 (1 CCOO e 3 UGT) | Abstencións 6 (AST, 1 UGT e 4 CCOO)

Despois vótase a proposta de UGT co seguinte resultado:

A favor 10 (CCOO, UGT e AST) | En contra 0 | Abstencións 3 (CIG)

Rexeitase a nosa proposta e queda aprobada a proposta de UGT.

Varios:

Escritos de entrada: quendas e vacacións 2012.

Fondos Sociais: recibíuse o cheque por valor de 5.479 €. Tamén se recibiron 7 presupostos para optar a estes fondos do ano 2011. Os presupostos cumpren os criterios para optar ao reparto dos fondos para o que deben presentar as facturas correspondentes, polo tanto son aceptados polo Comité.

Nova estrutura territorial

Malia que a propaganda da empresa pretende convencernos que a nova estrutura territorial satisfará de mellor xeito as demandas dos clientes, diferenciando as ofertas ás peculiaridades dos territorios, no caso de Galiza pode suceder todo o contrario.

Galiza é unha unidade administrativa, con lingua propia e cultura de seu, e precisa que Telefónica así o entenda. Coa nova estrutura territorial queda diluída nun ente maior que nada ten que ver coa singularidade do noso país, perdendo A Coruña a consideración de cabeceira que tiña ate agora.

As últimas convocatorias de Técnico Medio e Técnico Superior, con prazas para Madrid, Barcelona, Bilbao, Sevilla e Valencia; mostran claramente a perda de peso da Coruña neste proceso. A perda de atención en galego, perdendo nos últimos tempos a pouca atención que antes se prestaba tamén dan mostras de que a nova estrutura pouco ten que ver coa atención específica que se precisa para Galiza.

Como representantes dos traballadores debemos defender o emprego en Galiza, tratando de que a destrución de postos de traballo que traerá consigo o ERE non empeore aínda máis a nosa situación, debemos loitar para que Telefónica ofrezca un servizo de calidade e adaptado ao mercado galego e isto pasa por crear postos de traballo e darlle a consideración de territorio diferenciado que o noso país ten.

Proposta de resolución do Comité da Coruña

O Comité da Coruña acorda dirixirse á empresa para esixir que a nova estrutura territorial non desmantele a estrutura existente na Coruña, considerada como cabeceira ate agora, pulando pola creación de emprego e pola consideración de cabeceira que permita manter centros de decisión na Coruña para deste xeito ofrecer servizos adaptados e competitivos no mercado galego.